



Pontevedra a 25 de setembro de 2020

## Comunicado ANPA Andaina

Dende a ANPA Andaina presentamos a nosa disconformidade coa información que dende o autobús da liña 4 REIRIZ se lles transmitiu de forma verbal ás familias usuarias de elimina-las paradas *Hermanos Veiga e Moliner* sen preaviso, de forma unilateral e non escrita, o que afecta ao redor de 30 familias directamente e a cerca de 100 se xuntamos as dúas liñas que fan o recorrido pola rúa Juan Bautista Andrade e Medico Ballina que terá que ser reestructurado completamente polo que

SOLICITAMOS á Inspección de Educación que aclare a situación das paradas o antes posible dado que se lles pide ás familias usuarias o desplazamento a mais de 500 metros en dirección contraria ao centro, para despois pasar, xa dentro do autobús, por diante das súas casas, o que non parece ético nin coherente, sumando ademais a situación de nenos cargados con tódolos libros/libretas/estoxos que este ano teñen que levar e traer da escola para poder realizar unha desinfección completa nas aulas pola COVID-19. Estamos falando de nenos que cargan con mais de 5kg ás costas!.

Ademais, a actual directiva solicita unha reunión urxente co inspector para encauza-la situación que este venres 25 no servizo de regreso á casa afectou ás familias usuarias.

*A.N.P.A. "Andaina"*

*C.E.P. A Xunqueira nº2*

ANPA Andaina